

ISIDRO NOVO ESCRITOR QUE PRESENTA «CABALOS DO DEMO E OUTROS INVERTEBRADOS»

«Recompilar relatos antigos é constatar que aínda me gustan»

Esta obra abre unha nova colección na editorial Trifolium

CRISTINA LÓPEZ

LUGO/LA VOZ

Cinco son os relatos que contén *Cabalos do demo e outros invertebrados*, o último libro do escritor lugués Isidro Novo, que onte presentou na galería Sargadelos de Lugo. Escritos en distintos momentos da carreira literaria deste autor, agora aparecen reunidos nun volume, que Novo concibe como «unha mostra do que se podía facer no eido do relato».

—¿Existe algún fío condutor ou nexo de unión entre os cinco relatos deste libro?

—Poida que exista algunha pequena coincidencia, como a presenza do demoníaco nun par de relatos, pero o que non hai é un motivo que os xunga. Son relatos feitos con esa pretensión, como se se tratase dun despropósito. Recompilando cousas xa publicadas en diferentes anos o que pretendo é dar a coñecer unha mostra de distintos rexistros, do que se podería facer no relato, e mesmo no microrelato.

—¿Que temáticas se abordan nestes relatos?

—Hai temas amables e outros que non o son tanto. No primeiro dos relatos, *Cabalos do demo*, está moi presente Viveiro e a súa comarca, a través das lembranzas das miñas estadias infantís e adolescentes na terra da miña familia. No outro relato no que aludo ao demo, a súa presenza é máis imaxinaria, máis enfocada á literatura oral. No relato sobre *Carrapuchiña Verme-*



Isidro Novo escribe tanto prosa coma verso. ÓSCAR CELA

lla saínome un pouco da liña clásica, desmarcándome do sensitivo, polo este conto pode resultar sospeitoso de non inocencia. Ademais pareceume ben tratar o tema dos cans abandonados. Xa por último, o relato *O fiscal* é unha especie de vinganza literaria, na que exerzo de xuíz da Xustiza, na que son moi pouco creador.

—Xa que aludiu a ela, ¿que hai da literatura oral neste libro?

—No relato *Cabalos do demo*, que é o máis longo, subxacen moitas cousas do imaxinario póp-

pular. Por citar só un exemplo: o coprotagonista, o pinchorro de Bravos. Na bisbarra viveírense había a crenza de que se te mordía unha pinchorra, aparecíache a cabeza deste réptil no sitio no que te mordía. A carón da casa dos meus pais había un regato que sempre estaba cheo de cabalos do demo. Contemplan ese espectáculo para min era impresionante. Ao recuperar todos eses elementos, dalgún xeito quíxenlle facer unha homenaxe a Viveiro.

—¿Ten algo de culpa Álvaro

Cunqueiro nese interese seu polo imaxinario?

—Eu a Cunqueiro considéroo un dos grandísimos autores da literatura universal. Para min foi o inventor do realismo máxico, que era quen de facer crible o que contaba. Falar do escritor mindoniense é facelo dun gran narrador, do dono do relato curto, que facía gala dunha narración impresionante, e no que o xénero quedaba supeditado ao que el dixese.

—¿A que obedece a súa decisión de reunir nun libro relatos xa publicados, de temática tan diversa?

—Recompíleinos para volver facelos visibles. Por outra parte, é tamén un xeito de constatar que me seguen gustando eses relatos. Ademais, cando lle propuxen a Xan Arias, da editorial Trifolium, reunilos nun libro pareceulle perfecto. E non só iso, senón que esta obra serviu para iniciar a colección *Litterae* nesa editora.

—Tras esta primeira presentación do seu libro en Lugo, ¿habrá outras nas demais cidades e vilas galegas?

—En principio, *Cabalos do demo e outros invertebrados* vai ser presentado en Viveiro, en Santiago e na Coruña. E poida que nalgún sitio máis que vaia xurdindo.

—¿En que está traballando agora?

—Ademais de revisar cousas xa feitas, ando dándolle voltas a un novo libro de versos.